



ISABEL ESPINOSA REY

PROFESORA MONTESSORI E ARTISTA

"A situación de inseguridade no país, especialmente no lugar onde vivía, fixo que tivésemos que deixalo todo, era urxente saír de México. Marchamos en coche o meu esposo máis eu, os nosos tres fillos, algo de roupa, xoguetes e moitos libros, esa foi toda a nosa equipaxe".

"A arte ábreche unha porta para contactar coa esencia, coas emocións, coa túa propia beleza".

Son mexicana, tanto miña nai como meu pai son orixinarios de alá, aínda que meu bisavó por parte de nai era de orixe galega. Estando aquí souben que procedía de Mondoñedo.

Son mestra. A vida deume a oportunidade de traballar en diferentes lugares de México por varios anos antes de ter a miña propia escola, chamábase Cueponi, que significa explosión da semente en náhuatl. Cueponi foi un proxecto que iniciei como guía montessori xunto coa miña parella e que durou dez anos. O meu primeiro achegamento á educación montessori fora a través das irmás de miña nai, quen eran guías deste método educativo en México e tiñan o seu propio colexio. Daquela eu tiña sete anos e non tiven a oportunidade de asistir á súa escola como alumna, pero o funcionamento daquel colexio deixoume impresionada.

Rematando xa o bacharelato, e sabendo que o meu desexo era facer a formación Montessori, non me foi posible iniciar os estudos pola situación económica, así que deseñei un plan no que polas mañás traballaría como asistente deste método no colexio das miñas tías e, polas tardes, íría á universidade para estudar unha carreira. A idea era rematar os estudos e ganarme a vida para pagarme a formación que tanto desexaba. Afortunadamente ao ano de estar a estudar a carreira, meus pais puideron apoiarme economicamente e foi así como me formei no método Montessori.

Durante eses dez anos de traballo na escola Cueponi tamén naceron os meus tres fillos: Said, Iker e Lluna Mía, mais cando todo parecía estable e perfecto no meu entorno (casa,

amigos, familia e escola) a miña vida deu un xiro inesperado e tiven que iniciar un camiño que nunca pensei percorrer, e menos da maneira en que o fixen.

Foi un cambio de vida grande e recoñezo que a adaptación non foi nada fácil, o idioma, os costumes, a ideoloxía, o estilo de vida, todo era diferente. Traballei catro anos nun colexio montessori en Huntington Beach, cun programa de inmersión en español que se estaba a iniciar. O último ano de estadía en California tamén fixemos parte dun novo proxecto na cidade de Redlands, comezando unha escola para implantar outro programa de inmersión en español.

Despois de vivir cinco anos en California e, ao non poder renovar o visado, decidimos virnos a España, concretamente a Galicia. Foi outro cambio que supuxo novos retos, volver adaptarnos a un idioma e a outra cultura diferente, aínda que ben é certo que desta volta foi máis amable o cambio, xa que a situación de partida non era a mesma cando saímos de México que cando o fixemos de California. Agora levamos catro anos aquí, os meus fillos están adaptándose á vida neste lugar que para min é máxico, aquí encontrei a miña esencia e parte das miñas raíces. Sinto a Galicia como o meu fogar, esta terra abrázame.

En Galicia tamén traballei como docente e tomei formación en terapia gestalt. Desde que me formara como guía montessori foi moito o traballo que desenvolvín coa expresión corporal e artística, de feito, un dos máis grandes agasallos que recibín para a miña autoestima, que estaba



bastante tocada no que se refire ao ámbito educativo, foi darme conta da importancia do vínculo e do traballo emocional, polo que levei esta cuestión ao traballo con adolescentes, con pais e con profesores, conseguindo resultados marabillosos.

A arte ábreche unha porta para contactar coa esencia, coas emocións, coa túa propia beleza. Cando se dá ese espazo de expresión, de amosarse empregando diferentes ferramentas, cando ves que o outro se dá conta que a diferenza non o exclúe, senón que o fai único e especial, sabes que ese é o camiño.